

A realización do itinerario terá un custo de 2 euros. Serán para costear o material e o desenvolvemento das actividades.

É interesante resaltar que todas as visitas guiadas e a entrada aos templos son totalmente gratuitos. Por estes 2 euros, cada alumno que realice o itinerario recibirá un caderno de actividades, "credencial" e un mapa, ademais dun certificado-diploma, a modo de resumo da realización da actividade con todo o aprendido. Ademais, cada profesor recibirá unha guía didáctica impresa completa con todos os contidos da actividade, un pórtico da gloria a tamaño dinA3 para poder traballar na clase e formularios de avaliación para os vosos alumnos. Para a realización do itinerario debedes contactar con nós polo menos un mes antes da data na que esteades interesados. Se tendes interese en facer un itinerario cos vosos alumnos, engadide este itinerario no voso plan curricular deste ano.

Se tendes interese en coñecer máis a fondo o proxecto, necesidade de resolver calquera dúbida ou estades interesados en solicitar a **Guía do profesor** orientada á planificación do currículo e da actividade antes de dar calquera paso adiante, non dubidedes en enviarnos un correo a

itinerarioculturaearte@archicompostela.gal

Un forte saúdo, O equipo do itinerario e da Vigairía de Ensinanza e Catequese.

Proposta de itinerario para *ESO e Bacharelato*








Estimado/a profesor/a ou catequista:

Antes de nada, queremos aproveitar para saudarvos e desexarvos moita sorte neste novo curso. Oramos por todos vós e agradecemos a vosa laboura. Que o voso esforzo sexa en favor dunhas aulas familias e parroquias baseadas en valores e respecto mutuo, inspirados no exemplo de Xesús.

Escribímosvos esta carta para presentarvos un novo proxecto que dende a Vigairía de Ensinanza e Catequese da Diocese de Santiago de Compostela estamos a organizar ao voso servizo e dos vosos alumnos, o cal esperamos resulte do voso agrado e interese. O nome do proxecto e “Buscando a Xesús. Itinerario de arte, cultura e relixión en Compostela”.

Trátase dun itinerario pensado para alumnos de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato ou rapaces de entre 13 e 18 anos para realizar durante unha visita a Santiago de Compostela, ben ex profeso ou ben aproveitando a visita a outros lugares de interese cultural. É por iso que adaptamos cada itinerario ás vosas necesidades e aos vosos tempos dentro das nosas posibilidades. O itinerario completo está pensado para facerse pola mañá entre dúas e catro horas. Pero tamén se poden facer itinerarios de modo reducido, sempre dependendo da vosa dispoñibilidade. Mediante o tempo do que dispoñades descubriremos diferentes templos da cidade de Santiago por medio dunha ruta. En cada templo haberá un responsable relacionado co lugar no que nos atopemos (sacerdote, relixios@ ou leigo vinculado a cada lugar) que nos orientará por medio dunha serie de actividades.

A finalidade deste itinerario é descubrir mediante os lugares visitados de modo visible un valor cultural, social, artístico e cristián-vocacional. Todo isto por medio de actividades que farán reflexionar e descubrir ao alumno unha serie de valores sobre o que lle rodea e sobre si mesmo dun xeito non-formal.

Lugar	Santo relacionado	Orde relixiosa/ carisma	Valor cristián	Valor Histórico-cultural	Valor transversal
San Martiño Pinario (Inicio) 	San Martiño	Ministerio Sacerdotal	Vocación e confianza en Deus	Construcción de Europa a través dos mosteiros.	Identidade da persoa
San Paio 	San Paio	Benedictinas	Testigo da vida. O martirio.	España nos tempos da invasión musulmá	Solidariedade e pertenza a unha realidade universal.
San Francisco 	San Francisco	Franciscanos	Valor da sinxeleza e da caridade co proximo	Ordes mendicantes	Visión crítica da sociedade
Santo Agostiño 	San Ignacio	Compañía de Xesús	Valor da misión. Igrexa en saída.	Misión en América	Desenrolo de proxectos
Catedral 	Apóstolo Santiago	Igrexa Universal.	Valor da amizade con Deus e a reconciliación	O Camiño de Santiago	Sentido da estética e concepción da arte como elemento transmisor.